

## VOLVER A VOAR

Ana Matey

Para introducir o traballo quero comezar falando de quen é o *Recolector de plumas*? O Recolector é un individuo canso da dinámica na que se vive nas grandes cidades. Máis concretamente do ritmo frenético do transitar e do facer na vida diaria, do continuo facer, producir, conseguir, competir, posuír, ser máis, ter máis...

O recolector de plumas son eu e co sentimento ou necesidade de apartarme dese ritmo inicié unha procura do baleiro e o silencio, ambas difíciles de atopar nas grandes urbes.

Esta procura iniciéina no campo, concretamente en Normandía no verán do 2008. Nesta nova contorna na que elixín desenvolverme, iniciéi unha nova actividade diaria, esta consistía en dar longos paseos polo campo e apañar as plumas que ía atopando.

Estas plumas son para min "corpos" que xacen sobre a terra, e nesta tarefa diaria xorde a dúbida, Cando é máis libre a pluma?, ao estar unida ao resto de plumas, que como ela teñen a súa función formando parte doutro corpo?, ou ao desprenderse e quedar soa sen función clara e a expensas de que vento, auga ou outro corpo lle dean movemento?...

Podería dicir, vexo na pluma o meu ser, o cal, nese momento, decidiu romper co seu colectivo social e atópome sen un rumbo claro, sen unha función clara na engrenaxe social.

Deste período nace unha primeira instalación xunto a distintas pezas, fotografías e performance nas que emprego as plumas como metáfora para falar da liberdade e o tempo na sociedade.

O que lle propoño ao espectador é un exercicio de paciencia, de espera, de observar aquilo ao que non estamos afeitos na actualidade, a rapidez impera, a case inmediatez dos medios tecnolóxicos. Este é o meu obxectivo principal neste traballo,

convidar a parar e mirar o que nos rodea, observar, esquecendo o mando a distancia e continuo zapping da vida diaria.

Na seguinte etapa deste work in progress, as plumas deixan de ter esta idea metafórica de liberdade para achegarnos a aquilo que non queremos mirar, o que máis nos aterra como o paso do tempo que inevitabelmente nos achega a ela, refirome está claro, á morte.

Ao final do proceso da segunda instalación xorden unhas imaxes que constrúen paisaxes surrealistas, un novo espazo nace de todo o proceso. Non é unha conclusión pero si un nacemento e ao xerar algo novo a idea de cambio e/ou da posibilidade deste transmítese nelas.

"O Recolector" é un work in progress e desde o 2010 xérase nos propios espazos onde se vai exhibir. Desde o 2008, hase ir transformando comezando nun primeiro momento (como xa comentei) cunha mirada interna, unido a un malestar social, e seguida pola observación da natureza. É agora no 2012 que a mirada retorna cara ao colectivo social, esta vez sen malestar, senón cunha mirada renovada, cunha nova enerxía e sentido do que somos.

Así o que vos propoño é unha acción colectiva que é unha metáfora de liberdade pero esta vez en lugar de individual é social. "Volver voar" imos facer que estas plumas de novo voen, e que sigan voando sen rumbo fixo até agosto do 2012, data na que de novo se xuntarán ao sur de Francia.

En setembro teño unha nova oportunidade de realizar un site-specific do recolector, esta vez en Loupian, un pobo do sur de Francia nunha galería que se chama espace ou25rjj. A acción que vos propoño, grazas á invitación recibida por parte da revista NÚA, é un proceso ao que lle darei continuidade nesta exposición. Por isto pido que en agosto do 2012 as plumas sexan enviadas a este espazo.

As oitenta plumas que se distribúen en NÚA foron colleitadas durante seis meses no Parque Rexional do Guadarrama a 25km de Madrid, entre chopos, fresnos, aciñeiras e piñeiros.

#### INSTRUCCIÓNS PARA "VOLVER A VOAR"

No presente número da revista NÚA tes unha pluma. Necesitas un sobre onde esta pluma poida ser enviada a unha persoa que ti elixas esta persoa á súa vez débella enviar a unha terceira e así sucesivamente ata que chegue o mes de agosto(non enviar máis tarde do 15) deste ano 2012, entón a pluma debe dirixirse a Francia:

**Att. Volver voar  
Espace ou25rjj  
25 rue Jean Jaurès,  
34140 LOUPIAN  
FRANCIA**

Toda a documentación poderase ver posteriormente na web [www.anamatey.com](http://www.anamatey.com)

